



XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE LUGO

Xefatura Territorial da Consellería do
Medio Rural e do Mar

Ronda da Muralla, 70
LUGO

galicia

**DONA LUCÍA BELVER QUIROGA, SECRETARIA DO XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS
EN MAN COMÚN DE LUGO,**

CERTIFICO:


- a. Que na reunión celebrada con data do 14 de decembro de 2011, figura o acordo seguinte:

<< Monte **VALDEAGUEIROS, O CHAO, OS TROLLOS, MONTERREDONDO, A SILLA, CAMIÑO BRANCO, REGO DO SAN ROQUE, O NAVALLO, VAL DE RODELA, O BELON, A LAGOA, O AMEDO, SANTIA, O LOUTO, O GORGOLO e A COSTA** (expediente 50/78), pertencente aos veciños da parroquia de **VER**, no termo municipal de **BOVEDA**, e clasificado como veciñal en man común por resolución do Xurado Provincial con data 17 de decembro de 1979. Con data 11 de maio de 2011 ten entrada copia autenticada de sentenza firme ditada polo Xulgado de 1ª Instancia nº 5 de Lugo, con data 20 de outubro de 2008, recaída no Procedemento Ordinario 395/06, confirmada por sentenza da Audiencia Provincial de Lugo, do 20 de setembro de 2010, na que, estimando a demanda presentada, declárase: << que los terrenos, conocidos como A Veiga o As Veigas, de una superficie aproximada de 11 hectáreas, 48 áreas y 71 centiáreas, que se corresponden al Polígono 13 parcela 2, por el norte lindan con camino público; por el oeste lindan con Salustio López (polígono 13, parcela 220), con Flora Juiz (polígono 13, parcela 3) y con parte del polígono 14, parcela 183); por el este, la parcela linda con un camino público y con fincas particulares de vecinos de Guntín; y por el sur linda con el monte vecinal de Pino, en el termino municipal de Puebla de Brollón, **pertenecen a los vecinos de Guntín**; y que la comunidad del monte vecinal en mano común de Ver y los vecinos de Bóveda demandados carecen de derecho a la utilización, uso y aprovechamiento en cualquier forma de los referidos terrenos (...) >>. Dado traslado da documentación ao Servizo de Montes, con data 2 de decembro de 2011, recíbese nota interior, na que se especifica a superficie que se debe excluír do monte de Ver, e que pasa á propiedade dos veciños de Guntín. Xúntanse planos de cómo quedarían os montes de Ver e de Guntín de acordo coa devandita sentenza. Examinada a devandita sentenza e informe, o Xurado, por unanimidade, **ACORDA**, dar cumprimento ao establecido na mesma, procedendo ás correccións oportunas, coa incorporación do plano referido ao expediente de clasificación de Ver, e procedendo á inscrición do monte de A Veiga, a nome da comunidade de **Guntín**, na sección provincial do rexistro de montes veciñais en man común>>

- b. Que o devandito acordo é firme.


E para que conste, para a súa remisión ao **Servizo de Montes**, expido o presente certificado co visto e praxe do Sr. Xefe Territorial da Consellería do Medio Rural, presidente do xurado, en Lugo, a 24 de abril de 2012.



V. e Pr.
**O XEFE TERRITORIAL
PRESIDENTE DO XURADO**



José Ramón Losada Fernández





 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL		XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO Servizo de Montes	
MVMC dos veciños de Guntín			
Escala: 25.000		Nº plano: 3	
Execución sentenza ditada en segunda instancia pola Sección Primeira da Audiencia Provincial de Lugo. no procedemento Ordinario nº 395/2006 Incoación do expediente de clasificación do MVMC de Guntín (Bóveda)			
			
 Superficie declarada MVMC dos veciños de Guntín, pola sentenza (superficie: 10 ha, 09 a e 93 ca)		Lugo, 02 de decembro de 2011 O ENXEÑEIRO DE MONTES  Fernando Bengio Méndez-Núñez	